

CORREO ELECTRÓNICO DE FRANCISCO JORQUERA A INÉS REY

Estimada Inés,

Lin hoxe con sorpresa as túas declaracións a respecto da negociación dos orzamentos nas que afirmaches textualmente, referíndote tamén ao BNG, que "queda clara a vontade negociadora do resto dos grupos nun momento no que se lles cita para falar dos orzamentos e non aparecen".

Como é evidente que lle imputas ao BNG esa falla de vontade negociadora, adxúntoche, por se o esqueciches, o texto do acordo de investidura entre os Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e BNG, que ti mesma asinaches polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE o 19 de xuño de 2019. O punto segundo dese acordo di textualmente o seguinte: "**comezo da negociación dos orzamentos en setembro**, que se acompañarán sempre dun informe de impacto de xénero, e comezo das negociacións das ordenanzas con tempo suficiente".

Como ben sabes, nin o Goberno municipal nin o Grupo Socialista nos convocou para negociar os orzamentos e as ordenanzas en 2021 e 2022, incumprindo de xeito flagrante este compromiso asinado por ti. Por ese motivo en outubro de 2021 trasladamos ao Goberno Municipal e ao resto dos grupos as nosas propostas (adxúntochas por se tamén as esqueciches) sen que a día de hoxe tivésemos recibido resposta.

Tan só fomos citados despois de que o Grupo Municipal Socialista e a Marea Atlántica asinasen un "acordo para o impulso dos orzamentos de 2022" no que se di textualmente que "**o goberno local (PSde G-PSOE) e o Grupo Municipal da Marea Atlántica convocarán o resto dos grupos** da Corporación **para escoitar** as súas propostas orzamentarias, **que valorarán de mutuo acordo**". Un método que contradí abertamente o acordo de investidura, volvo lembralo, asinado por ti.

En política, as discrepancias son lexítimas, pero o que non é lexítimo é falsear a realidade imputando o BNG unha falta de vontade

negociadora que só é imputábel ao Goberno e ao Grupo Municipal que ti presides.

Como sempre, saúdos cordiais

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Voceiro do Grupo Municipal do BNG